

22950 LEI 44/2006, do 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios. («BOE» 312, do 30-12-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A defensa dos consumidores configúrase no artigo 51 da nosa Constitución como un principio reitor da política social e económica, que os poderes públicos deben garantir. A este propósito responde esta lei, na cal se introducen determinadas modificacións na nosa lexislación sobre esta materia, por unha parte, para lle dar cumprimento a unha recente sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e, por outra, para incorporar unha serie de melloras na protección dos consumidores nunha serie de ámbitos en que se considerou necesario.

II

Mediante Sentenza do 9 de setembro de 2004, no Asunto C-70/2003, o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas declarou que o Reino de España incumpriña as obrigas que lle incumben en virtude da Directiva 93/13/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993, sobre as cláusulas abusivas nos contratos celebrados con consumidores. En concreto, o Tribunal de Xustiza entende que España non adaptou correctamente o seu dereito interno aos artigos 5 e 6, punto 2, da citada directiva.

A Directiva 93/13/CEE foi incorporada ao noso dereito interno mediante a Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais de contratación, a cal, a través da súa disposición adicional primeira, modifica a Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

III

O incumprimento que o Tribunal de Xustiza considera que se produciu en relación co artigo 5 da Directiva 93/13/CEE, obedece a que cando este precepto establece a regra de interpretación máis favorable aos consumidores das cláusulas dos contratos celebrados por estes, exceptúa as denominadas accións de cesación do artigo 7.2 da directiva. Porén, cando o artigo 10.2 da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e o artigo 6 da Lei sobre condicións xerais de contratación incorporaron este principio ao noso ordenamento xurídico, non incluíron ningunha restrición en relación coas accións colectivas de cesación.

Por esta razón, o Tribunal de Xustiza considerou que non se tivo en conta a precisión recollida na terceira frase do artigo 5 da directiva, cando sinala que a norma de interpretación favorable ao consumidor non será aplicable no marco dos procedementos correspondentes ás accións de cesación que establece o punto 2 do artigo 7 da Directiva 93/13/CEE.

Como manifestou na citada Sentenza do 9 de setembro de 2004 o Tribunal de Xustiza, «a distinción que establece o artigo 5 da directiva, no que atinxe á regra de interpretación aplicable, entre as accións que implican un consumidor individual e as accións de cesación, que implican as persoas ou organizacións representativas do interese colectivo, explícase pola distinta finalidade de ambos os tipos de accións. No primeiro caso, os tribunais ou órganos competentes deben efectuar unha apreciación *in concreto*

do carácter abusivo dunha cláusula contida nun contrato xa celebrado, mentres que, no segundo caso, lles incumbe efectuar unha apreciación *in abstracto* do carácter abusivo dunha cláusula cuxa posible inclusión se prevé en contratos que aínda non se celebraron. No primeiro suposto, unha interpretación favorable ao consumidor individualmente afectado beneficia inmediatamente a este. No segundo suposto, en cambio, para obter con carácter preventivo o resultado máis favorable para o conxunto dos consumidores, non procede, en caso de dúbida, interpretar a cláusula no sentido de que produce efectos favorables para eles. Deste modo, unha interpretación obxectiva permite prohibir con maior frecuencia a utilización dunha cláusula escura ou ambigua, o que ten como consecuencia unha protección máis ampla dos consumidores».

Á vista desta argumentación, resulta necesaria a modificación dos artigos 10.2 da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e 6 da Lei sobre condicións xerais de contratación, recollendo a doutrina do Tribunal de Xustiza, para matizar que o principio de interpretación favorable ao consumidor das cláusulas escuras só se vai aplicar nos supostos en que se exerzan accións individuais, pero non as colectivas.

IV

Polo que se refire ao punto 2 do artigo 6 da Directiva 93/13/CEE, este precepto dispón que «os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para que o consumidor non se vexa privado da protección que ofrece a presente directiva polo feito de ter elixido o dereito dun Estado terceiro como dereito aplicable ao contrato cando o contrato manteña unha estreita relación co territorio dun Estado membro da Comunidade».

A incorporación ao dereito español desta norma produciuse, por un lado, mediante o artigo 10 bis, punto 3, da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, que remite a estas normas de protección dos consumidores fronte ás cláusulas abusivas, «calquera que sexa a lei que as partes elixisen para rexer o contrato, nos termos previstos no artigo 5 do Convenio de Roma de 1980, sobre a lei aplicable ás obrigas contractuais».

Por outro lado, a Lei sobre condicións xerais de contratación dispón no seu artigo 3, parágrafo segundo, que esta norma «tamén se lles aplicará aos contratos sometidos a lexislación estranxeira cando o adherente emitise a súa declaración negocial en territorio español e teña neste a súa residencia habitual, sen prexuízo do establecido en tratados ou convenios internacionais».

Fronte a estes preceptos, o Tribunal de Xustiza considera, na súa Sentenza do 9 de setembro de 2004, que o ámbito de aplicación material da protección ao consumidor que outorga a directiva abrangue todos os contratos celebrados entre un profesional e un consumidor, mentres que o artigo 5 do Convenio de Roma só se aplica a determinados contratos. Tamén considera que o concepto «estreita relación» utilizado no punto 2 do artigo 6 da Directiva non debe resultar restrinxido pola combinación de criterios de conexión previamente definidos, tales como os requisitos acumulativos á residencia e celebración do contrato, recollidos no artigo 5 do Convenio de Roma.

Todo isto supuxo, segundo o Tribunal de Xustiza, que España tería introducido neste ámbito unha restrición incompatible co nivel de protección fixado na Directiva 93/13/CEE.

Débase aclarar que co obxecto de cumprir con este aspecto da sentenza se tivo en conta que a regulación do artigo 6 da Lei sobre condicións xerais de contratación se dirixe non tanto aos consumidores como ás relacións entre empresarios ou profesionais, polo que se matiza que para os supostos en que o adherente sexa un consumidor, a súa regulación atópase na Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

Pola súa parte, a redacción do artigo 10 bis, punto 3, da Lei xeral para a defensa de consumidores e usuarios, aproxímase á do precepto da Directiva 93/13/CEE, engadindo un segundo parágrafo, cun claro carácter explicativo, proposto pola Sección Primeira de Dereito Civil da Comisión Xeral de Codificación.

V

Á vista da mencionada sentenza, cómpre que se modifiquen os preceptos que se comentaron co obxecto de adecualos aos termos da Directiva 93/13/CEE. Unhas modificacións puntuais que se van reducir aos artigos 10.2 e 10 bis, punto 3, da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e aos artigos 3, parágrafo segundo, e 6.2 da Lei sobre condicións xerais de contratación.

VI

Por outra parte, esta lei pretende incrementar a protección do consumidor en diferentes ámbitos, en que a experiencia puxo de manifesto a existencia de diversos déficit de protección.

Co fin de reforzar a protección dos consumidores e a leal competencia introdúcese, en materia de contratos cos consumidores, diversas modificacións destinadas a regular aspectos esenciais das relacións xurídicas privadas cos consumidores.

Para evitar a imposición aos consumidores de obstáculos onerosos ou desproporcionados para o exercicio dos dereitos recoñecidos no contrato e en coherencia co previsto na Directiva 2005/29/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2005, sobre prácticas comerciais desleais, que prohíbe os obstáculos non contractuais para o exercicio de tales dereitos, e en tal sentido deberá ser trasposta ao noso ordenamento xurídico, prohibíbase as cláusulas contractuais que establezan estas limitacións e, en particular, a imposición de prazos de duración excesiva ou as limitacións que exclúan ou obstaculicen o dereito do consumidor a poñer fin ao contrato.

Nos contratos de prestación de servizos ou subministración de bens de tracto sucesivo ou continuado observáronse prácticas obstrucionistas ao dereito do consumidor a lles poñer fin. Para evitalas, introdúcese reformas para que quede claramente establecido, tanto na fase previa de información coma na efectiva formalización contractual, o procedemento mediante o cal o consumidor pode exercer este dereito e asegúrase que o poida exercer na mesma forma en que contratou, sen sancións ou cargas.

Estas regras complétanse con dúas previsións. Dun lado, a integración do contrato conforme a boa fe obxectiva, segundo as regras de interpretación e integración do Código civil e as exixencias da leal competencia. Refórzase así a posición contractual do consumidor e establécese con claridade na norma a interpretación que do artigo 1258 do Código civil mantiñan a doutrina e xurisprudencia máis avanzada.

Doutro lado, establécese a necesidade de que a información precontractual obrigatoria se lle facilite ao consumidor de forma gratuítas, sen custos adicionais. Esta previsión ten por obxecto evitar prácticas lesivas, conforme as cales o cumprimento das obrigas legais dos empresarios non só lles supón custos adicionais aos consumidores, senón unha retribución adicional ao operador, mediante a utilización das novas tecnoloxías. Novas tecnoloxías que, por outra parte, permiten a prestación gratuítas da información mínima exixible, conforme xa está previsto nalgúns ámbitos da actividade económica.

Refórzase, así mesmo, a protección do consumidor adquirente de vivenda ao precisar o carácter abusivo das cláusulas que lle trasladen gastos que corresponden ao vendedor, tal é o caso dos impostos en que o suxeito pasivo é o vendedor, ou os gastos das conexións ás sub-

ministracións xerais da vivenda, tales como enganche da subministración de auga, rede de sumidoiros, etc., co fin de evitar prácticas desleais que trasladan estes gastos ao consumidor por cláusulas non negociadas.

Esta lei pretende, igualmente, dar maior claridade nas modalidades de cálculo do prezo dos contratos, evitando a facturación de servizos non prestados efectivamente.

En materia contractual, por último, clarifícase no artigo 10 bis 1 a equiparación entre as estipulacións contractuais non negociadas e as prácticas non consentidas expresamente con idénticos efectos para os usuarios.

VII

Por outro lado, tamén se constatou a ineficacia do artigo 10.4 da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, para previr a imposición ao consumidor de arbitaxes distintas do Sistema Arbitral de Consumo. Isto xustifica a modificación que agora se realiza, suprimindo este precepto e reconducindo, no artigo 31, os pactos de submisión ao momento en que o consumidor pode avaliar correctamente o alcance da decisión que, na maior parte dos casos, se ve obrigado a adoptar, e que é aquel en que xorde a controversia. Elévase con isto a protección do usuario ante fórmulas arbitrais non sempre lícitas e garántese a non renuncia previa aos dereitos recoñecidos legalmente. Esta regra complétase coa determinación da nulidade dos pactos subscritos contravindo, en aplicación das previsións da propia Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios sobre a irrenunciabilidade dos dereitos recoñecidos pola lei ao consumidor. A tipificación da súa vulneración, como infracción de consumo, dedúcese claramente do artigo 34, punto 11, segundo a modificación efectuada por esta norma, no cal se cualifica como tal o incumprimento dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas nesta lei e disposicións que a desenvolven.

Aclárase, así mesmo, a eficacia desta previsión en todos os sectores, incluído o de seguros, e para este efecto cómpre introducir unha lixeira modificación no artigo 61, punto 3 do Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Transcorridos catro anos desde a entrada en vigor da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, facilítase o exercicio das accións en defensa dos intereses difusos dos consumidores e usuarios e dáselle cumprimento ao previsto no artigo 11.3 da dita norma. En materia de lexitimación procesual, amplíase a concedida ao Instituto Nacional do Consumo para o exercicio de accións de cesación.

VIII

Así mesmo, modifícase a regulación do capítulo VI da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios para establecer, conforme o disposto no artigo 1.3 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, a regulación específica básica a que quedan sometidas as asociacións de consumidores, conforme a actual distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, e modificar o réxime xurídico das asociacións de consumidores de ámbito nacional e de todas aquelas que non desenvolven principalmente as súas funcións no ámbito dunha comunidade autónoma, aclarando algúns aspectos escuros ou non abordados polas normas preexistentes e as relacións entre o rexistro nacional e os rexistros autonómicos e reforzando as obrigas de transparencia das asociacións de consumidores, obrigas estritamente precisas para asegurar a súa independencia, máxime nos supostos de colaboración con empresas ou institucións que directa ou indirectamente interveñen no mercado.

Establécese, por outra parte, con absoluto respecto ás competencias autonómicas, un réxime mínimo sobre regras de competencia nas infraccións interautonómicas, acompañado da obriga do Goberno de presentar ante as Cortes Xerais, no prazo de dous anos, un proxecto de lei que, no marco das competencias estatais, estableza as regras sobre infraccións e sancións.

Con obxecto de superar calquera dificultade no cumprimento das obrigas impostas ás administracións públicas polo artigo 8 da Directiva 2001/95/CEE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de decembro de 2001, relativa á seguranza xeral de produtos, e de conformidade co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aclárase o alcance das competencias atribuídas a estas polo Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguranza xeral de produtos.

Modifícase tamén o artigo 8 da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios para eliminar do texto da lei o inciso «constituídas de acordo co establecido nesta lei», en cumprimento da sentenza do Tribunal Constitucional 15/1989, do 26 de xaneiro, e para adecuar a redacción do precepto á posterior lexislación sobre publicidade, conforme a cal os procedementos establecidos para facer cesar a publicidade falsa ou enganosa son de carácter xudicial.

IX

Por último, en relación ao contrato de aparcamento de vehículos, determinanse legalmente, sen necesidade de desenvolvemento regulamentario, os requisitos que debe conter o xustificante que debe entregar o titular do aparcamento, flexibilizando as formas de identificación do vehículo; así como as formas admisibles de cálculo do prezo que debe pagar o consumidor nos estacionamentos rotatorios. Ampliase, así mesmo, o ámbito de aplicación da lei a todas as actividades de estacionamento realizadas no marco dunha actividade empresarial ou profesional.

Artigo 1. Modificación da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios:

Un. Incorpórase un novo artigo, o sexto bis, do seguinte teor:

«1. Ante situacións de risco para a saúde e seguranza dos consumidores e usuarios, as administracións públicas competentes poderán adoptar as medidas que resulten necesarias e proporcionadas para a desaparición do risco, incluída a intervención directa sobre as cousas e a compulsión directa sobre as persoas. Nestes supostos, todos os gastos que se xeren serán por conta de quen coa súa conduta os orixinase, con independencia das sancións que, de ser o caso, se poidan impor. A exacción de tales gastos e sancións poderase levar a cabo polo procedemento administrativo de constrinximento.

2. Os responsables da coordinación dos sistemas estatais de intercambio de información integrados nos sistemas europeos de alertas trasladarán as comunicacións que reciban ás autoridades alfandagueiras cando, conforme a información facilitada nas comunicacións, os bens ou servizos alertados procedan de terceiros países.»

Dous. Modifícase o artigo oitavo, punto 3, nos seguintes termos:

«3. A oferta, promoción e publicidade falsa ou enganosa de produtos, actividades e servizos será

perseguida e sancionada como fraude. As asociacións de consumidores estarán lexitimadas para iniciar e intervir nos procedementos legalmente habilitados para facelas cesar.»

Tres. Modifícase o artigo décimo, suprimindo o seu punto 4 e dando ao seu punto 2 a seguinte redacción:

«2. Cando se exerzan accións individuais, en caso de dúbida sobre o sentido dunha cláusula prevalecerá a interpretación máis favorable ao consumidor.»

Catro. Os puntos 1, parágrafo primeiro, 2 e 3 do artigo 10 bis, quedan redactados da seguinte maneira:

«1. Consideraranse cláusulas abusivas todas aquelas estipulacións non negociadas individualmente e todas aquelas prácticas non consentidas expresamente que, en contra das exixencias da boa fe causen, en prexuízo do consumidor, un desequilibrio importante dos dereitos e obrigas das partes que deriven do contrato. En todo caso, consideraranse cláusulas abusivas os supostos de estipulacións que se relacionan na disposición adicional primeira desta lei.

2. Serán nulas de pleno dereito e teranse por non postas as cláusulas abusivas. A parte do contrato afectada pola nulidade integrarase consonte o disposto polo artigo 1258 do Código civil e o principio de boa fe obxectiva. Para estes efectos, o xuíz que declare a nulidade das ditas cláusulas integrará o contrato e disporá de facultades moderadoras respecto dos dereitos e obrigas das partes, cando subsista o contrato, e das consecuencias da súa ineficacia en caso de prexuízo apreciable para o consumidor ou usuario. Só cando as cláusulas subsistentes determinen unha situación non equitativa na posición das partes que non se poida emendar, poderá declarar a ineficacia do contrato.

3. As normas de protección dos consumidores fronte ás cláusulas abusivas serán aplicables calquera que sexa a lei que as partes elixisen para rexer o contrato, cando este manteña unha estreita relación co territorio dun Estado membro do Espazo Económico Europeo.

Entenderase, en particular, que existe un vínculo estreito cando o profesional exercese as súas actividades nun ou varios Estados membros do Espazo Económico Europeo, ou por calquera medio de publicidade ou comunicación dirixise tales actividades a un ou varios Estados membros e o contrato estivese comprendido no marco desas actividades. Nos contratos relativos a inmobles entenderase, así mesmo, que existe un vínculo estreito cando se encontren situados no territorio dun Estado membro.»

Cinco. O punto 1 do artigo décimo primeiro pasa a ter a seguinte redacción:

«O réxime de comprobación, reclamación, garantía e posibilidade de renuncia ou de evolución que se estableza nos contratos deberá permitir que o consumidor ou usuario se asegure da natureza, características, condicións e utilidade ou finalidade do produto ou servizo; poida reclamar con eficacia en caso de erro, defecto ou deterioración; poida facer efectivas as garantías de calidade e nivel de prestación e obter a devolución equitativa do prezo de mercado do produto ou servizo, total ou parcialmente, en caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso do contrato.

A devolución do prezo do produto deberá ser total no caso de que se encontre dentro do prazo de

garantía legal, nos termos previstos na Lei de garantías na venda de bens de consumo.»

Seis. Modifícase o artigo décimo segundo, que pasa a quedar redactado nos seguintes termos:

«1. Na contratación con consumidores debe constar de forma inequívoca a súa vontade de contratar ou, de ser o caso, de poñer fin ao contrato.

2. Prohíbense, nos contratos con consumidores, as cláusulas que impoñan obstáculos onerosos ou desproporcionados para o exercicio dos dereitos recoñecidos ao consumidor no contrato.

3. En particular, nos contratos de prestación de servizos ou subministración de bens de tracto sucesivo ou continuado prohíbense as cláusulas que establezan prazos de duración excesiva ou limitacións que exclúan ou obstaculicen o dereito do consumidor a poñer fin ao contrato.

O consumidor poderá exercer o seu dereito a poñer fin ao contrato na mesma forma en que o celebrou, sen ningún tipo de sanción ou de cargas onerosas ou desproporcionadas, tales como a perda das cantidades aboadas por adiantado, o aboamento de cantidades por servizos non prestados efectivamente, a execución unilateral das cláusulas penais que se fixasen contractualmente ou a fixación de indemnizacións que non se correspondan cos danos efectivamente causados.

4. Os contratos de prestación de servizos ou subministración de bens de tracto sucesivo ou continuado deberán recoller expresamente o procedemento a través do cal o consumidor pode exercer o seu dereito a poñer fin ao contrato.

5. Salvo o previsto legalmente en relación cos contratos que, por prescrición legal, se deban formalizar en escritura pública, a formalización do contrato será gratuíta para o consumidor, cando legal ou regulamentariamente se deba documentar este por escrito ou en calquera outro soporte de natureza duradeira.

6. Os contratos cos consumidores integranse, en beneficio do consumidor, conforme o principio de boa fe obxectiva, tamén nos supostos de omisión de información precontractual relevante.

7. Non se poderá facer obrigatoria a comparencia persoal do consumidor ou usuario para realizar cobros, pagamentos ou trámites similares.»

Sete. Modifícase o artigo décimo terceiro, engadindo unha nova letra, a g), no seu punto 1, e dous novos puntos, o 3 e o 4, e modificando a letra d) do punto 1, coa seguinte redacción:

«d) As condicións esenciais do contrato, en particular sobre as súas condicións xurídicas e económicas e a información sobre o prezo completo, incluídos os impostos, ou orzamento, de ser o caso. En toda información ao consumidor sobre o prezo dos bens ou servizos, incluída a publicidade, informarase do prezo final completo, desagregando, de ser o caso, o importe dos incrementos ou descontos que sexan de aplicación, dos gastos que lle repercutan ao consumidor e usuario e dos gastos adicionais por servizos accesorios, financiamento ou outras condicións de pagamento similares.»

«g) Procedemento de que dispón o consumidor para poñer fin ao contrato.»

«3. A información precontractual débesele facilitar ao consumidor de forma gratuíta.»

«4. As oficinas e os servizos de información e atención ao cliente que as empresas poñan á disposición do consumidor deberán asegurar que este teña constancia das súas queixas e reclamacións. Se tales servizos utilizan a atención telefónica ou elec-

trónica para levar a cabo as súas funcións, deberán garantir unha atención persoal directa, máis alá da posibilidade de utilizar complementariamente outros medios técnicos ao seu alcance.»

Oito. Modifícase o capítulo VI, que pasa a ter o seguinte contido:

«Artigo vixésimo.

O presente capítulo ten por obxecto adoptar, conforme o previsto no artigo 1.3 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, o réxime básico das asociacións de consumidores e a regulación específica a que quedan sometidas as asociacións de consumidores e usuarios de ámbito supraautonómico.

Artigo vixésimo bis.

1. Son asociacións de consumidores e usuarios as organizacións sen ánimo de lucro que, constituídas conforme o previsto na lexislación sobre asociacións e reunindo os requisitos específicos exixidos nesta lei e as súas normas de desenvolvemento e, de ser o caso, na lexislación autonómica que lles resulte de aplicación, teñan como finalidade a defensa dos dereitos e intereses lexítimos dos consumidores, incluíndo a súa información, formación e educación, ben sexa con carácter xeral, ben en relación con produtos ou servizos determinados.

Tamén son asociacións de consumidores e usuarios as entidades constituídas por consumidores consonte a lexislación de cooperativas, que respecten os requisitos básicos exixidos nesta lei e entre cuxos fins figure, necesariamente, a educación e formación dos seus socios e estean obrigadas a constituír un fondo con tal obxecto, segundo a súa lexislación específica.

2. As asociacións de consumidores e usuarios poderanse integrar en unións, federacións ou confederacións que teñan idénticos fins e cumpran os requisitos específicos exixidos por esta lei.

3. As asociacións de consumidores e usuarios constituídas conforme o previsto neste capítulo son as únicas lexitimadas para actuar en nome e representación dos consumidores e usuarios.

As asociacións ou cooperativas que non reúnan os requisitos exixidos nesta lei ou na normativa autonómica que lles resulte de aplicación, só poderán representar os intereses dos seus asociados ou da asociación, pero non os intereses xerais, colectivos ou difusos, dos consumidores.

4. Prohíbeselles utilizar os termos consumidor ou usuario, a denominación de asociación de consumidores e usuarios ou calquera outra expresión similar que induza a erro ou confusión sobre a súa natureza ou a súa lexitimidade para a defensa dos dereitos e intereses dos consumidores e usuarios, a aquelas organizacións que non reúnan os requisitos exixidos nesta lei ou na normativa autonómica que lles resulte de aplicación.

Artigo vixésimo primeiro.

1. As asociacións de consumidores e usuarios deben actuar para o cumprimento dos seus fins con independencia fronte aos operadores do mercado e aos poderes públicos, sen que a obtención de subvencións ou outros recursos públicos concedidos con base en criterios de obxectividade poidan minuar tal independencia.

2. En particular, as asociacións de consumidores non poderán:

a) Incluír como asociados persoas xurídicas con ánimo de lucro.

b) Percibir axudas económicas ou financeiras das empresas ou grupo de empresas que subministren bens ou servizos aos consumidores ou usuarios.

Non terán a consideración de axudas económicas as achegas que se realicen nas condicións de transparencia establecidas nesta lei e normas regulamentarias, que non mingüen a independencia da asociación e teñan a súa orixe nos convenios ou acordos de colaboración a que se refire o artigo seguinte.

c) Realizar comunicacións comerciais de bens e servizos.

Para estes efectos enténdese por comunicación comercial todo acto, conduta ou manifestación, incluída a publicidade, non simplemente informativa, que se relacione directamente coa promoción ou venda de bens e servizos.

d) Autorizar o uso da súa denominación, imaxe ou calquera outro signo representativo na publicidade comercial realizada polos operadores do mercado, ou non realizar as actuacións tendentes a impedir tal utilización, a partir do momento en que se teña coñecemento desta conduta.

Para estes efectos non se considerarán operadores de mercado as sociedades mercantís en que participen as asociacións de consumidores nos termos previstos no punto 3.

e) Dedicarse a actividades distintas da defensa dos intereses dos consumidores ou usuarios, salvo o previsto no artigo 20 bis 1, parágrafo segundo.

f) Incumprir as obrigas de transparencia previstas no artigo 21 bis.

g) Actuar a organización ou os seus representantes legais con manifesta temeridade, xudicialmente apreciada.

h) Incumprir calquera outra obriga imposta ás asociacións de consumidores e usuarios, legal ou regulamentariamente.

3. As asociacións de consumidores poderán participar en sociedades mercantís sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Teñan como obxecto social exclusiva o desenvolvemento de actividades instrumentais concretamente delimitadas que sirvan aos fins de información, formación e defensa dos consumidores e usuarios.

b) O seu capital social corresponda integramente a asociacións de consumidores que reúnan os requisitos exixidos pola lexislación que lles resulte de aplicación e cuxos beneficios só se repartan entre as asociacións de consumidores que participen no capital social.

Estas sociedades mercantís están sometidas ás prohibicións previstas no punto anterior e á obriga de depositar as súas contas, que en todo caso se deberán axustar á normativa que lles resulte de aplicación segundo a súa natureza, no Instituto Nacional do Consumo, de conformidade co disposto no artigo vixésimo primeiro bis, 3.

Do cumprimento por estas sociedades mercantís do disposto nesta lei serán responsables as asociacións de consumidores que participen no seu capital social nos termos previstos nela, podendo derivar, de ser o caso, na perda da condición de asociación de consumidores.

4. As organizacións que incorran nalguna das prohibicións previstas pola lexislación que lles resulte de aplicación perderán, en todo caso e por un período non inferior aos cinco anos seguintes desde que deixaron de concorrer tales circunstan-

cias, a súa condición de asociación de consumidores e usuarios.

Artigo vixésimo primeiro bis.

1. Estatutariamente, ou por acordo adoptado en asemblea xeral, as asociacións de consumidores e usuarios definirán, con pleno respecto ao establecido nesta lei, cal é o marco lexítimo da súa colaboración cos operadores do mercado de calquera sector de actividade, en defensa dos dereitos dos consumidores e a leal competencia, así como os supostos en que se poderán celebrar convenios ou acordos de colaboración con estes, o seu alcance e modo de instrumentalos.

Os estatutos ou acordos de asemblea xeral en que se estableza este marco de colaboración cos operadores do mercado das asociacións de ámbito supraautonómico depositaranse no Instituto Nacional do Consumo e na Secretaría do Consello de Consumidores e Usuarios.

2. Os convenios ou acordos de colaboración, de duración temporal ou indefinida, das asociacións de consumidores e usuarios con empresas, agrupacións ou asociacións de empresas, fundacións ou calquera organización sen ánimo de lucro, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter como finalidade exclusiva o desenvolvemento de proxectos específicos de información, formación e defensa dos consumidores e usuarios, mellorando a súa posición no mercado.

b) Respetar os principios de independencia e transparencia.

c) Consistir na realización de actuacións, traballos, estudos ou publicacións de interese xeral para os consumidores e usuarios.

d) Ser depositados, así como as súas modificacións, prórrogas ou denuncias, no Instituto Nacional do Consumo e na Secretaría do Consello de Consumidores e Usuarios.

3. As contas anuais da entidade depositaranse no Instituto Nacional do Consumo no prazo dun mes desde o día seguinte á data da súa aprobación polos órganos estatutarios correspondentes.

Tales contas anuais, integradas polo balance, a conta de resultados e a memoria, deberanse formalizar cumprindo as exixencias do Real decreto 776/1998, do 30 de abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e as normas de información orzamentaria destas entidades.

4. A información a que se refiren as alíneas precedentes será pública.

5. Regulamentariamente poderanse establecer os prazos, condicións e requisitos adicionais das obrigas de depósito e acceso reguladas neste artigo.

Artigo vixésimo primeiro ter.

1. As asociacións de consumidores e usuarios de ámbito estatal e todas aquelas que non desenvolvan principalmente as súas funcións no ámbito dunha comunidade autónoma deberán figurar inscritas no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores que se xestiona no Instituto Nacional do Consumo.

Tras a súa denominación, estas asociacións de consumidores e usuarios indicarán o seu número de inscrición rexistral.

2. O cumprimento dos requisitos exixidos neste capítulo será condición indispensable para acceder á inscrición no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, regulamentariamente se establecerán os requisitos mínimos de implantación territorial, número de asociados e programas de actividades que desenvolverán, que deberán acreditar as asociacións de consumidores e usuarios para a súa inscrición no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores.

3. Para os exclusivos efectos de publicidade, no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores poderá figurar información sobre as asociacións de consumidores inscritas nos rexistros que, con tal finalidade, se puidesen crear nas comunidades autónomas.

4. O Instituto Nacional do Consumo cooperará coas comunidades autónomas para que a información a que se refire a alínea anterior figure no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores e facilitaralles información das asociacións de consumidores de ámbito nacional ou que non desenvolvan principalmente as súas funcións no ámbito dunha comunidade autónoma inscritas nel.

5. O Instituto Nacional do Consumo poderalles pedir ás asociacións de consumidores e usuarios que soliciten a súa inscrición no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores ou ás xa inscritas nel, canta documentación e información sexa precisa para verificar o cumprimento e mantemento dos requisitos exixidos neste capítulo.

Así mesmo poderán realizar, por si ou mediante a contratación con entidades externas e independentes, auditorías de contas con idéntica finalidade.

6. A realización polas asociacións de consumidores e usuarios inscritas no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores dalgunha das actuacións prohibidas polo artigo 21, dará lugar á súa exclusión do citado rexistro, logo de tramitación do procedemento administrativo previsto regulamentariamente.

A resolución de exclusión do Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores determinará a perda desta condición, en todo caso, e por un período non inferior a cinco anos desde a data da exclusión, sen prexuízo do mantemento da súa personalidade xurídica consonte a lexislación xeral de asociacións ou cooperativas.

Artigo vixésimo segundo.

1. As asociacións de consumidores e usuarios de ámbito supraautonómico, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores regulado no artigo 21 ter, terán dereito, nos termos que legal ou regulamentariamente se determinen, a:

- a) Ser declaradas de utilidade pública.
- b) Percibir axudas e subvencións públicas.
- c) Representar, como asociación de consumidores e usuarios, os seus asociados e exercer as correspondentes accións en defensa deles, da asociación ou dos intereses xerais, colectivos ou difusos, dos consumidores e usuarios.
- d) Desfrutar do dereito de asistencia xurídica gratuíta na forma prevista na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.
- e) Integramse, nos termos que regulamentariamente se determinen, no Consello de Consumidores e Usuarios.

2. Para efectos do previsto no artigo 11.3 da Lei de axuízamento civil, terán a consideración legal de asociacións de consumidores e usuarios representativas as que formen parte do Consello de Consumidores e Usuarios, salvo que o ámbito territorial do conflito afecte fundamentalmente a unha comuni-

dade autónoma, caso en que se aplicará a súa lexislación específica.

Artigo vixésimo segundo bis.

1. Como órgano nacional de consulta e representación institucional dos consumidores e usuarios a través das súas organizacións, o Consello de Consumidores e Usuarios integrará as asociacións de consumidores e usuarios de ámbito supraautonómico que, atendendo á súa implantación territorial, número de socios, traxectoria no ámbito da protección dos consumidores e usuarios e programas de actividades que desenvolvan, sexan máis representativas.

Regulamentariamente determinarase a composición e funcións do Consello de Consumidores e Usuarios.

2. A Administración fomentará a colaboración entre o Consello de Consumidores e Usuarios e as asociacións de consumidores que o integran coas organizacións de empresarios.

3. O Consello de Consumidores e Usuarios articulará mecanismos de cooperación cos órganos de consulta e representación dos consumidores constituídos polas comunidades autónomas. A través dos mecanismos habilitados polo Consello de Consumidores e Usuarios, este e os respectivos órganos consultivos poderán colaborar na elaboración dos ditames que lles sexan solicitados en trámite de audiencia.

Artigo vixésimo segundo ter.

1. O Consello de Consumidores e Usuarios será oído en consulta, no procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral de ámbito estatal relativas a materias que afecten directamente os consumidores e usuarios.

2. Será preceptiva a súa audiencia nos seguintes casos:

- a) Regulamentos de aplicación desta lei.
- b) Regulamentacións sobre bens ou servizos de uso e consumo.
- c) Ordenación do mercado interior e disciplina do mercado.
- d) Prezos e tarifas de servizos, en canto afecten directamente os consumidores ou usuarios e se encontren legalmente suxeitos a control das administracións públicas.
- e) Condicións xerais dos contratos ou modelos de contratos regulados ou autorizados polos poderes públicos en servizos de interese xeral ou prestados aos consumidores por empresas públicas.
- f) Nos demais casos en que unha lei así o estableza.

3. As asociacións empresariais serán oídas en consulta no procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral relativas a materias que lles afecten directamente.

Será preceptiva a súa audiencia nos supostos contidos nas alíneas a), b), c) e f) do punto anterior.

4. Entenderase cumprido este trámite preceptivo de audiencia cando as asociacións citadas se encontren representadas nos órganos colexiados que participen na elaboración da disposición. Nos demais casos, a notificación ou comunicación dirixirase á federación ou agrupación empresarial correspondente.»

Nove. Modifícase o artigo trixésimo primeiro, engadíndolle un novo punto, o cuarto, do seguinte teor:

«4. Os convenios arbitrais cos consumidores distintos da arbitrase de consumo prevista neste artigo

só se poderán pactar unha vez xurdido o conflito material ou controversia entre as partes do contrato, salvo que se trate da submisión a órganos de arbitraje institucionais creados por normas legais ou regulamentarias para un sector ou un suposto específico.

Os convenios arbitraris pactados contravindo o disposto no parágrafo precedente serán nulos.»

Dez. Modifícase o artigo trixésimo segundo para engadir os novos puntos 3, 4 e 5, coa seguinte redacción:

«3. As administracións españolas que en cada caso resulten competentes sancionarán as infraccións de consumo cometidas en territorio español calquera que sexa a nacionalidade, o domicilio ou o lugar en que radiquen os establecementos do responsable.

4. As infraccións entenderanse cometidas en calquera dos lugares en que se desenvolvan as accións ou omisións constitutivas destas e, ademais, salvo no caso de infraccións relativas aos requisitos dos establecementos e instalacións ou do persoal, en todos aqueles en que se manifeste a lesión ou risco para os intereses dos consumidores e usuarios protexidos pola norma sancionadora.

5. As autoridades competentes en materia de consumo sancionarán, así mesmo, as infraccións tipificadas como infraccións en materia de defensa dos consumidores e usuarios dos empresarios e profesionais dos sectores que contén con regulación específica.»

Once. O punto 10 do artigo trixésimo cuarto pasa a ser o punto 11, de maneira que o punto 10 queda redactado da seguinte forma:

«10. As limitacións ou exixencias inxustificadas ao dereito do consumidor de poñer fin aos contratos de prestación de servizos ou subministración de bens de tracto sucesivo ou continuado, a obstaculización ao exercicio de tal dereito do consumidor a través do procedemento pactado, a falta de previsión deste ou a falta de comunicación ao usuario do procedemento para se dar de baixa no servizo.»

Doce. Engádese un punto, o 4, ao artigo trixésimo sexto, do seguinte teor:

«4. Conforme o previsto no artigo 130.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no procedemento sancionador poderáselle exixir ao infractor a reposición da situación alterada pola infracción ao seu estado orixinal e, de ser o caso, a indemnización de danos e perdas probados causados ao consumidor, que serán determinados polo órgano competente para impoñer a sanción, debéndoselle notificar ao infractor para que no prazo dun mes proceda á súa satisfacción, quedando, de non se facer así, expedita a vía xudicial.»

Trece. Engádese un novo artigo 42, coa seguinte redacción:

«Artigo 42. *A Conferencia Sectorial de Consumo.*

1. A Conferencia Sectorial de Consumo, presidida polo ministro de Sanidade e Consumo e integrada por este e os conselleiros competentes nesta materia polas comunidades autónomas, é o máximo órgano de cooperación institucional do Estado coas comunidades autónomas.

2. Son funcións da Conferencia Sectorial de Consumo:

a) Servir de canle de colaboración, comunicación e información entre as comunidades autóno-

mas e a Administración do Estado en materia de consumo.

b) Aprobar os criterios comúns de actuación e coordinación, así como as propostas en relación coa política do sector.

c) Aprobar os plans, proxectos e programas conxuntos.

d) Facer efectiva a participación das comunidades autónomas nos asuntos comunitarios europeos na materia.

e) Facilitar a información recíproca en materia de consumo, deseñar estatísticas comúns e poñer á disposición dos cidadáns os datos das estatísticas estatais obtidas por ela.

f) Cooperar e impulsar as campañas nacionais de inspección e control.

g) Promover a promulgación da normativa oportuna en materia de consumo ou a súa reforma e informar, de ser o caso, as disposicións regulamentarias sobre a materia.

h) Establecer criterios de actuación cando resulten competentes varias comunidades autónomas.

i) Programar o emprego racional de medios materiais de posible utilización común.

j) Articular un sistema de formación e perfeccionamento do persoal con tarefas específicas no ámbito de consumo.

k) Cantas outras funcións lle atribúa a lexislación vixente.»

Catorce. Engádenselle dúas novas cláusulas, a 7 bis e a 17 bis, á disposición adicional primeira e modifícase a cláusula número 22, nos seguintes termos:

«7 bis. As estipulacións que prevexan o arredondamento á alza no tempo consumido ou no prezo dos produtos ou servizos ou calquera outra estipulación que prevexa o cobro por produtos ou servizos non efectivamente usados ou consumidos de maneira efectiva.

Naqueles sectores en que o inicio do servizo leve indisolublemente unido un custo para as empresas ou os profesionais non repercutido no prezo, non se considerará abusiva a facturación por separado de tales custos, cando se adecúen ao servizo efectivamente prestado.»

«17 bis. As estipulacións que impoñan obstáculos onerosos ou desproporcionados para o exercicio dos dereitos recoñecidos ao consumidor no contrato, en particular nos contratos de prestación de servizos ou subministración de bens de tracto sucesivo ou continuado, a imposición de prazos de duración excesiva, a renuncia ou o establecemento de limitacións que exclúan ou obstaculicen o dereito do consumidor a poñer fin a estes contratos, así como a obstaculización ao exercicio deste dereito a través do procedemento pactado, como é o caso das que prevexan a imposición de formalidades distintas das previstas para contratar ou a perda das cantidades aboadas por adiantado, o aboamento de cantidades por servizos non prestados efectivamente, a atribución ao profesional da facultade de execución unilateral das cláusulas penais que se fixasen contractualmente ou a fixación de indemnizacións que non se correspondan cos danos efectivamente causados.»

«22. A imposición ao consumidor dos gastos de documentación e tramitación que por lei lle correspondan ao profesional. En particular, na compra de vivendas:

a) A estipulación de que o consumidor debe cargar cos gastos derivados da preparación da titulación que pola súa natureza lle correspondan ao profesional (obra nova, propiedade horizontal, hipotecas para financiar a súa construción ou a súa división e cancelación).

b) A estipulación que obrigue o consumidor a subrogarse na hipoteca do profesional da vivenda ou imponha penalizacións nos supostos de non subrogación.

c) A estipulación que lle imponha ao consumidor o pagamento de tributos nos cales o suxeito pasivo é o profesional.

d) A estipulación que lle imponha ao consumidor os gastos derivados do establecemento dos accesos ás subministracións xerais da vivenda, cando esta deba ser entregada en condicións de habitabilidade.»

Quince. Modifícase o punto 3 da disposición adicional terceira, que quedará redactado nos seguintes termos:

«3. A lexitimación para o exercicio desta acción rexeráse polo disposto no artigo 11, puntos 2 e 3, da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

Así mesmo estarán lexitimados para o exercicio desta acción:

a) O Instituto Nacional do Consumo e os órganos ou entidades correspondentes das comunidades autónomas e das corporacións locais competentes en materia de defensa dos consumidores.

b) O Ministerio Fiscal.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais de contratación.*

Os artigos 3 e 6.2 da Lei sobre condicións xerais de contratación modifícanse nos seguintes termos:

Un. O parágrafo segundo do artigo 3 da Lei sobre condicións xerais de contratación queda redactado da seguinte maneira:

«Tamén se lles aplicará aos contratos sometidos a lexislación estranxeira cando o adherente emitise a súa declaración negocial en territorio español e teña neste a súa residencia habitual, sen prexuízo do establecido nos tratados ou convenios internacionais. Cando o adherente sexa un consumidor aplícase o disposto no punto 3 do artigo 10 bis da Lei xeral para a defensa de consumidores e usuarios.»

Dous. O artigo 6, punto 2, da Lei sobre condicións xerais de contratación, queda redactado da seguinte maneira:

«As dúbidas na interpretación das condicións xerais escuras resolveranse a favor do adherente. Nos contratos con consumidores esta norma de interpretación só será aplicable cando se exerzan accións individuais.»

Artigo 3. *Modificación da Lei 40/2002, do 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcamento de vehículos.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 40/2002, do 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcamento de vehículos:

Un. Modifícase o artigo 1 e engádeselle unha nova alínea, nos seguintes termos:

«1. Esta lei establece o réxime xurídico aplicable aos aparcamentos en que unha persoa cede, como actividade mercantil, un espazo nun local ou

recinto do que é titular para o estacionamento de vehículos de motor, cos deberes de vixilancia e custodia durante o tempo de ocupación, a cambio dun prezo determinado en función do tempo real de prestación do servizo.

2. Para os efectos desta lei, considéranse como modalidades da prestación deste servizo:

a) Estacionamento con reserva de praza en que o titular do aparcamento se obriga a manter durante todo o período de tempo pactado unha praza de aparcamento á disposición plena do usuario.

b) Estacionamento rotatorio, en que o titular do aparcamento se obriga a facilitar unha praza de aparcamento por un período de tempo variable, non prefixado.

Nesta modalidade de estacionamento rotatorio o prezo pactarase por minuto de estacionamento, sen posibilidade de arredondamentos a unidades de tempo non efectivamente consumidas ou utilizadas.»

Dous. A letra b) do artigo 2 queda redactada da seguinte maneira:

«b) Os estacionamentos non retribuídos directa ou indirectamente.»

Tres. As letras b) e d) do artigo 3.1 quedan redactados da seguinte maneira:

«b) Entregarlle ao usuario en formato papel ou en calquera outro soporte duradeiro que permita a súa conservación, incluídos os soportes que permitan o acceso a rexistros telemáticos ou electrónicos, un xustificante do aparcamento. No xustificante farase constar, en todo caso, a identificación do vehículo e se o usuario lle fai entrega ao responsable do aparcamento das chaves do vehículo. Desta obriga de identificación estarán exentos os aparcamentos de uso exclusivo para clientes de establecementos comerciais con sistemas de control de acceso e cuxo horario coincida co do establecemento. O vehículo identificarase mediante a súa matrícula ou calquera marcador que permita tal identificación no xustificante do aparcamento entregado ao usuario.

No estacionamento rotatorio farase constar no xustificante, ademais, o día, a hora e o minuto de entrada.»

«d) Indicar por calquera medio que posibilite o seu coñecemento antes de contratar e de maneira facilmente perceptible os prezos, os horarios e as normas de uso e funcionamento do aparcamento, incluído se é práctica habitual do aparcamento requirirle ao usuario a entrega das chaves do vehículo.»

Catro. Modifícase a letra a) do artigo 4, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) Aboar o prezo fixado para o aparcamento nas condicións acordadas.»

Disposición adicional primeira. *Devolución extraordinaria do imposto sobre hidrocarburos para agricultores e gandeiros.*

1. Recoñécese o dereito á devolución das cotas do imposto sobre hidrocarburos satisfeitas ou soportadas polos agricultores con ocasión das adquisicións de gasóleo que tributase ao tipo da epígrafe 1.4 do artigo 50.1 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que efectuasen durante o período comprendido entre o 1 de outubro de 2005 e o 30 de setembro de 2006. O importe das cotas que se devolvan será igual ao resultado de aplicar o tipo de 78,71 euros por 1000 litros sobre unha base

constituída polo resultado de multiplicar o volume de gasóleo efectivamente empregado na agricultura, incluída a horticoltura, gandaría e silvicultura durante o período indicado, expresado en miles de litros, polo coeficiente 0,998.

2. Para os efectos desta devolución considéranse agricultores as persoas ou entidades que, no período indicado, tivesen dereito á utilización de gasóleo que tributa ao tipo da epígrafe 1.4 do artigo 50.1 da Lei 38/1992 e que, efectivamente, o empregasen como carburante na agricultura, incluída a horticoltura, gandaría e silvicultura e que, ademais, estivesen inscritos, en relación co exercicio das ditas actividades, no censo de obrigados tributarios a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. O procedemento para efectuar a devolución será establecido polo ministro de Economía e Facenda e poderá comprender a obriga de que os interesados presenten declaracións tributarias, incluso de carácter censual.»

Disposición adicional segunda. Competencia sancionadora en materia de telecomunicacións.

A sanción polas infraccións previstas na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, corresponderá, en todo caso, aos organismos previstos no artigo 58 desta lei.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio en materia de contratos celebrados cos consumidores.

Os contratos cos consumidores deberanse adaptar ás modificacións introducidas por esta lei, no prazo de dous meses desde a súa entrada en vigor. Transcorrido este prazo, as cláusulas contrarias ao previsto nesta lei serán, por tanto, nulas de pleno dereito.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio en materia de aparcamentos.

1. As novas obrigas impostas polo artigo 3 desta lei non serán exixibles aos titulares dos aparcamentos ata transcorridos cinco meses desde a súa entrada en vigor.

Aos aparcamentos que operen en réxime de concesión administrativa, as obrigas impostas no artigo 1.2 da Lei 40/2002, do 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcamento de vehículos, non lles serán exixibles ata transcorridos oito meses desde a entrada en vigor desta lei.

2. Aos titulares dos aparcamentos dependentes ou accesorios doutras instalacións non lles serán exixibles as obrigas establecidas no artigo 3.1.b) da Lei 40/2002, do 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcamento de vehículos, ata transcorridos oito meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria terceira. Réxime transitorio en materia de asociacións de consumidores e usuarios.

1. As obrigas previstas no artigo 21 bis da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios son exixibles desde a entrada en vigor desta lei.

Non obstante o previsto no parágrafo precedente, os convenios ou acordos de colaboración que se subscribisen con anterioridade á entrada en vigor desta lei e estivesen vixentes na citada data, deberán depositarse no Instituto Nacional do Consumo no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta lei.

2. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, as asociacións de consumidores e usuarios deberanse adaptar ao disposto nela.

Disposición transitoria cuarta. Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores.

Sen prexuízo da regulación que regulamentariamente se estableza do Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores, este adaptará o seu funcionamento ao previsto nesta lei no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. Reforma do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

O artigo 61, punto 3, do Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, quedará redactado nos seguintes termos:

«3. En calquera caso, e salvo aqueles supostos en que a lexislación de protección dos consumidores e usuarios o impida, tamén poderán someter a arbitraje as cuestións litixiosas, xurdidas ou que poidan xurdir, en materia de libre disposición conforme a dereito, nos termos da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.»

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

1. O artigo 1, punto un, desta lei ten o seu fundamento constitucional no artigo 149.1.16.^a

2. O artigo 1, punto oito, artigos vixésimo bis, puntos 1 e 4, e vixésimo primeiro, puntos 1 e 4, dítanse ao abeiro do previsto no artigo 149.1.1.^a da Constitución.

O artigo 1, punto oito, artigo vixésimo bis, punto 3, dítase con base no disposto no artigo 149.1.1.^a e 6.^a

Os demais preceptos do artigo 1, punto oito, serán de aplicación ás asociacións de consumidores e usuarios de competencia estatal.

3. O resto dos preceptos desta lei dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149, punto 1, 6.^a e 8.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. Incorporación de dereito comunitario.

Nos puntos tres e catro do artigo 1 e no artigo 2 desta lei incorpóranse aquelas disposicións da Directiva 93/13/CEE, do Consello, do 5 de abril de 1993, sobre as cláusulas abusivas nos contratos celebrados con consumidores que, de conformidade coa sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 9 de setembro de 2004, no Asunto C-70/2003, non foran correctamente traspostas ao dereito español.

Disposición derradeira cuarta. Infraccións e sancións en materia de consumo.

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei de modificación da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios que estableza, no exercicio das competencias estatais, as regras sobre infraccións e sancións en materia de consumo.

Disposición derradeira quinta. Habilitación ao Goberno para elaborar un texto refundido.

Habílitate o Goberno para que no prazo de 12 meses proceda a refundir nun único texto a Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e as normas de transposición das directivas comunitarias ditas en materia de protección dos consumidores e usuarios, que inciden nos aspectos regulados nela, regu-

larizando, aclarando e harmonizando os textos legais que teñan que ser refundidos.

Disposición derradeira sexta. Regulación do Sistema Arbitral do Consumo.

1. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno, contando co parecer das comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Consumo e con audiencia do Consello de Consumidores e Usuarios, ditará unha nova regulación do sistema arbitral de consumo, regulando tamén a arbitrase virtual.

2. Regulamentariamente determinaranse os supostos en que se poderá interpoñer reclamación ante a Xunta Arbitral Nacional fronte ás resolucións das xuntas arbitrais territoriais sobre admisión ou inadmisión das solicitudes de arbitrase.

3. Regulamentariamente estableceranse os supostos en que actuará un árbitro único na administración da arbitrase de consumo.

Disposición derradeira sétima. *Actualización do Catálogo de bens e servizos de uso ordinario, común e xeneralizado.*

No prazo dun ano procederase á actualización do Catálogo de bens e servizos de uso común, ordinario e xeneralizado, incluídos no anexo I do Real decreto 1507/2000, do 1 de setembro, que actualiza os catálogos de produtos e servizos de uso común, ordinario e xeneralizado e de bens de natureza duradeira, incorporando nel os servizos da sociedade da información.

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 11/2001, do 5 de xullo, pola que se crea a Axencia Española de Seguraza Alimentaria.*

Un. Desde a entrada en vigor desta lei, a Axencia Española de Seguraza Alimentaria cambia a súa denominación pola de «Axencia Española de Seguraza Alimentaria e Nutrición».

Dous. Modifícase a letra a) do artigo 2.1, nos termos seguintes:

«a) Propiciar a colaboración e coordinación das administracións públicas competentes en materia de seguraza alimentaria e nutrición.»

Tres. Engádese unha nova alínea ao artigo 2.1, coa seguinte redacción:

«a.bis) Planificar, coordinar e desenvolver estratexias e actuacións que fomenten a información, educación e promoción da saúde no ámbito da nutrición e en especial a prevención da obesidade.»

Catro. Modifícanse as letras a), d), e), g), h), k), p), t) e u) do artigo 2.2, substituíndo o termo «seguraza alimentaria» polo termo «seguraza alimentaria e nutrición».

Cinco. Engádense dúas alíneas ao artigo 2, coa seguinte redacción:

«3. A Axencia Española de Seguraza Alimentaria e Nutrición estará lexitimada para o exercicio da acción de cesación fronte a condutas que lesionen os intereses colectivos ou difusos dos consumidores e usuarios tanto no ámbito da seguraza dos alimentos dirixidos ao consumo humano coma no referido ás alegacións nutricionais.

A acción de cesación dirixirase a obter unha sentenza que condene o demandado a cesar na conduta e a prohibir a súa reiteración futura. Así mesmo, a acción poderase exercer para prohibir a realización dunha conduta cando esta finalizase ao tempo de

exercer a acción, se existen indicios suficientes que fagan temer a súa reiteración de modo inmediato.

4. Nos termos da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, a Axencia Española de Seguraza Alimentaria e Nutrición poderalle solicitar ao anunciante a cesación ou rectificación da publicidade ilícita que afecte os intereses colectivos ou difusos dos consumidores e usuarios tanto no ámbito da seguraza dos alimentos dirixidos ao consumo humano coma no referido ás alegacións nutricionais. Neste mesmo ámbito, a Axencia estará lexitimada para o exercicio da acción de cesación prevista no artigo 29 e seguintes da Lei 34/1988.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais.*

Modifícase o punto 3 do artigo 5 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, que pasará a ter a redacción seguinte:

«3. As comunidades autónomas poderán modificar o disposto na alínea anterior en función das súas necesidades comerciais, incrementando ou reducindo a superficie de venda dos establecementos e limitándoos, cando así o estimasen, a un determinado tipo de produto ou produtos, sen que en ningún caso esta limitación se poida establecer por debaixo dos 150 metros cadrados.»

Disposición derradeira décima. *Habilitación normativa.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

22951 *REAL DECRETO LEI 11/2006, do 29 de decembro, polo que se autoriza a actualización das contías da indemnización por residencia do persoal en activo do sector público estatal na Comunidade Autónoma das Illes Balears e nas cidades de Ceuta e Melilla. («BOE» 312, do 30-12-2006.)*

A indemnización por residencia é unha retribución complementaria de carácter compensatorio e non retributivo, cunha longa tradición na normativa de función pública do noso país e que encontra a súa orixe histórica nas especiais características, fundamentalmente xeográficas, dalgúns dos nosos territorios.

Este complemento histórico que percibe o persoal destinado en determinados territorios e que consolidou o seu carácter compensatorio, ten por obxecto resarcir os funcionarios públicos dos gastos que se vexan precisados a realizar, en razón do servizo ou pola súa residencia,